



## NORMAS DE CONVIVENCIA SECUNDARIA E BACHARELATO

Curso 2021-2022

### *Normativa*

*(DECRETO 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar)*

A convivencia escolar é a capacidade que teñen as persoas de vivir con outras nun marco de respecto mutuo e de solidariedade recíproca, expresada na interrelación harmoniosa e sen violencia entre os diferentes actores e estamentos da comunidade educativa. Ten un enfoque formativo, ao tratarse dunha aprendizaxe enmarcada en obxectivos fundamentais e transversais e, á vez, é unha responsabilidade compartida por toda a comunidade educativa.

### *Dereitos e deberes do alumnado*

#### **Dereitos:**

- A recibir unha formación integral e coeducativa que contribúa ao pleno desenvolvemento da súa personalidade nun ambiente educativo de convivencia, liberdade e respecto mutuo.
- A que se respecten a súa identidade, integridade e dignidade persoais.
- Á protección integral contra toda agresión física ou moral, e en particular contra as situacións de acoso escolar.
- A participar directamente no proceso educativo cando sexa consultado pola Administración educativa, nos termos previstos no título IV da presente lei.
- A participar na confección das normas de convivencia e na resolución pacífica de conflitos e, en xeral, a participar na toma de decisións do centro en materia de convivencia.

#### **Deberes:**

- Participar e colaborar na mellora da convivencia escolar e na consecución dun adecuado clima de estudo no centro, respectando o dereito dos seus compañeiros e compañeiras á educación.
- Respetar a dignidade e as funcións e orientacións do profesorado no exercicio das súas competencias, recoñecéndoo como autoridade educativa do centro.
- Respetar a liberdade de conciencia, as conviccións relixiosas e morais, a igualdade de dereitos entre mulleres e homes e a dignidade, integridade e intimidade dos restantes membros da comunidade educativa.
- Respetar as normas de organización, convivencia e disciplina do centro docente.
- Conservar e facer un bo uso das instalacións e materiais do centro.
- Intervir, a través das canles regulamentarias, en todo aquilo que afecte á convivencia do centro.
- Seguir as directrices do profesorado respecto a súa educación e aprendizaxe.
- Asistir a clase con puntualidade e co material preciso.



## Normas de convivencia

1. A Comunidade Educativa vela en todo momento por unha convivencia baseada no respecto a cada alumno e alumna e, polo tanto, terá un nivel de **“tolerancia cero”** ante as situacións de violencia, agresividade, acoso e falta de respecto.
2. O alumnado terá en todo momento unha actitude de respecto cara todos os membros da comunidade educativa e contribuirá a favorecer a convivencia.
3. O alumnado acatará a autoridade do profesorado e do persoal de administración e de servizos.
4. Son especialmente graves as situacións de violencia física, escrita, verbal ou a través das redes sociais. A gravación, manipulación, suplantación da personalidade ou difusión, por calquera medio, de imaxes ou informacións que atenten contra o dereito á honra, a dignidade da persoa, a intimidade persoal e familiar e a propia imaxe dos demais membros da comunidade educativa, están tipificadas como moi graves.
5. As clases desenvolveranse sempre nun clima de **atención e respecto**, o que favorecerá que a aprendizaxe sexa positiva para todos e todas.

## Normas de organización e funcionamento

### *Horarios e puntualidade*

6. Horarios:  
As clases comezan ás 8.20h e rematan ás 13:50h. (agás martes e xoves ás 14.40 h. ESO, ademais de luns ou mércores en BACH). O alumnado de 1ºESO e 4ºESO entrará pola rúa Trompas. O alumnado de 2ºESO e 3ºESO entrará polo polideportivo. O alumnado de ESO sairá pola rúa Trompas (agás 4ºESO que sae pola porta principal). O alumnado de Bacharelato entrará e sairá pola porta principal.
7. Retrasos e ausencias:  
Cando un alumno ou alumna chegue tarde á clase interromperá o menos posible e o profesor ou profesora fará constar o retraso na Plataforma *Educamos*.  
Cando un alumno ou alumna falta ao colexio o seu pai/nai/titor ou titora legal debe xustificar sempre as ausencias nun prazo de tres días lectivos dende o seguinte á súa reincorporación. De non facelo, repercutiralle na nota de cada materia onde non se xustifique.  
No boletín de notas constarán as faltas xustificadas e non xustificadas, así como as chegadas tarde
8. Saídas do centro:
  - Para saír sos en horario lectivo, o pai/nai /titor ou titora legal debe enviar pola Plataforma ao titor ou titora correspondente dita autorización, con, como mínimo, 24 horas de antelación.
  - No caso de que un alumno ou alumna se sinta indisposto virá recollelo o seu pai/nai/titor ou titora legal ou unha persoa adulta debidamente autorizada. Nunca abandonará só ou soa o colexio e, en ningún momento, se lle administrará medicación, agás naqueles casos que estean notificados e autorizados previamente, e por escrito, polo pai/nai/titor ou titora legal e con prescrición médica.

### *Probos avaliativas*

9. O alumnado ten que acudir ás probas con todo o material necesario. Non se pode pedir material aos compañeiros e compañeiras. Nunca se debe entregar un exame escrito a lapis, con corrector de escritura (*tippex*) ou con bolígrafos de tinta borrable, xa que non se corraxirá.
10. As chegadas tarde ou as ausencias a unha proba serán xustificadas cun documento oficial, o que permitirá a repetición do mesmo. De ausentarse a algunha proba sen xustificación, poderá englobarse a materia nas probas de avaliación, segundo o criterio do departamento. O alumno ou alumna que chegue ata 30 minutos tarde a un exame poderá facelo, pero non disporá de máis tempo ca os seus compañeiro e compañeiras.
11. Cando as ausencias a un exame de avaliación ou control sexan reiteradas o titor ou titora levará o tema ao claustro onde se resolverá a cuestión.
12. A asistencia a clase é obrigatoria, polo tanto, é importante aproveitar as horas previas (o mesmo día ou o día anterior) ás distintas probas: controis, exames de avaliación, recuperacións e mellora de cualificacións, e **non se pode faltar a clase xa que implicaría a perda de dereito a realizar o exame correspondente**.



**13.** Exames de avaliación:

- Nos exames de avaliación o alumnado debe ter os pupitres baleiros.
- Durante a realización dos exames e controis cada alumno ou alumna debe centrarse no seu exercicio sen falar co resto do alumnado, intentar copiar, copiar, deixar copiar... Se incumprise esta norma o profesor ou profesora que estea na aula retiraralle o exame e terá a cualificación cero (0).
- Durante os exames de avaliación, alternan os exames con horas de estudo vixiado. O alumnado de bacharelato pode realizar o estudo fóra do colexio previa entrega dunha autorización asinada polo pai/nai/ titor ou titora legal. Non obstante, é recomendable que queden no centro para un mellor aproveitamento do tempo.

**Recreos**

- 14.** Os alumnos e alumnas de Secundaria baixan ás zonas destinadas para o recreo. En ningún caso poden quedar nas aulas, polos corredores, nos baños ou nas escaleiras. Cando nalgún destes lugares se produza algún detrimento o alumnado que estea alí deberá asumir o custo da reparación ou reposición do material.
- 15.** O alumnado de Bacharelato pode saír do colexio con autorización asinada polo pai/nai/titor ou titora legal; debendo entrar con puntualidade para estar na clase antes do comezo da mesma. Se prefire quedar no centro debe baixar aos patios co alumnado de Secundaria, non podendo permanecer nas aulas.

**Orde, Respecto e Responsabilidade**

- 16.** As clases deben desenvolverse nun espazo de orde e limpeza. Os obxectos persoais deben estar recollidos e ordenados en todo momento. Haberá gabetas individuais para todo o alumnado de ESO e Bacharelato, onde gardarán todo o seu material.
- 17.** O sistema de limpeza seguirá as pautas do Plan COVID.
- 18.** Entre clase e clase o alumnado debe permanecer no seu sitio dentro da aula, sen facer barullo. Se alguén precisa saír da aula pedirá permiso ao profesor ou profesora que estea na aula
- 19.** No colexio non se pode fumar en ningunha das súas dependencias. Nas zonas de entrada e saída do colexio (incluída a beirarrúa), portalón de entrada e os patios son parte do recinto escolar, polo que tampouco se pode fumar neles.
- 20.** Os danos causados de forma intencionada ou por negligencia ás instalacións e aos materiais docentrodcente, incluídos os equipamentos informáticos e o *software*, ou aos bens doutros membros da comunidade educativa ou de terceiros, así como a súa subtracción, serán repostos polos causantes dos mesmos, facéndose cargo os pais/nais/titor ou titora legal da factura correspondente.
- 21.** Dende a entrada ao recinto escolar e ata a saída do mesmo non está permitido exhibir, ter conectado ou utilizar o teléfono móbil ou calquera outro aparello electrónico persoal de conexión de datos, música, fotografía, vídeo ou xogo. Se algún alumno ou alumna incumprise esta norma, o dispositivo seralle retirado (quedando baixo a custodia da Xefa de Estudos) por un prazo de tres días. En caso de reincidencia, non se lle devolverá ata que pase unha semana. Naqueles casos en que o pai/nai/titor ou titora legal acudan ao colexio (poñéndose en **contacto previamente** coa Xefatura de Estudos) poderá recollelo. En ningún caso se poden traer ao colexio reloxos *smartwatch*.  
Todos estes aparellos electrónicos **deben estar gardados** durante a permanencia no recinto escolar e cada alumno ou alumna será responsable dos seus.
- 22.** Non obstante do indicado no apartado anterior, cando nalgunha clase se vexa apropiado a utilización de aparellos electrónicos (*tablet*, móbil, ordenador persoal...) o alumnado poderá facer uso dos mesmos coa autorización previa do profesor ou profesora correspondente, sempre baixo a súa supervisión e unicamente para usos académicos.
- 23.** Vestimenta:  
Como en todos os aspectos da vida social das persoas, no centro a vestimenta será adecuada para a realización das tarefas escolares respectando en todo momento o dereito á intimidade e a propia imaxe.  
Dentro do recinto escolar non se pode levar gorro, viseira ou capucha.  
O alumnado non pode asistir con: traxe de baño, *shorts*, ou vestidos, saias ou camisetas demasiado curtas ou abertas.



Non se poden utilizar camisetas (ou calquera outro tipo de prenda) con frases, símbolos ou imaxes (ofensivas ou obscenas) que inciten á violencia ou, ao consumo de drogas ou non adecuadas nun contexto educativo.

***Reclamacións***

- 24.** Se un alumno ou alumna, ou o seu pai/nai/titor ou titora legal quixesen presentar unha reclamación ante unha decisión tomada pola Dirección ou polos Equipos Docentes, deberán facelo por escrito no prazo de tres días a partires da comunicación da decisión tomada.

***Disposicións finais***

- 25.** O descoñecemento destas normas por parte do alumnado ou da súa familia non exime da responsabilidade do seu cumprimento.
- 26.** Aqueles puntos destas normas que se vexan interferidos polas normas fixadas non Plan COVID-19, prevalecerán as dispostas en dito Plan para a emerxencia sanitaria.